



VII EDICIÓN

RESUMO DO ENCONTRO CIENTÍFICO

“OS ANIMAIS E OS HUMANOS NO MEIO RURAL”

Venres, 1 de setembro de 2017

Parladoiro de Arqueixal



www.arqueixal.es

Albá (Palas de Rei)- Lugo – Galiza

Organizan:

Prof. Dr. Santiago Prado Conde (UNIR - CETRAD) – santiago.prado@unir.net

Prof. Dr. Xerardo Pereiro (UTAD - CETRAD) – xperez@utad.pt



Presentación

Nesta sétima edición de “Son da aldea” adicaremos o encontro científico a pensar a relación entre os animais e os humanos no meio rural, é dicir, ao importante papel dos animais na vida humana dos diferentes contextos rurais, especialmente o galego. Cal o papel das vacas, dos cabalos, dos burros, dos cans, das galiñas, dos gatos, das pombas, dos porcos, das abellas, do lobo, do raposo... nas economías rurais? Como se transformou ese papel e como esa transformación reflicte mudanzas sociais e culturais moi profundas? Os animais son unha parte esencial do planeta que sofren as novas relacións entre cultura e natureza, ás veces depredadoras. Que importancia teñen os animais nas culturas de traballo do rural? Para debater e dialogar sobre estas e outras cuestións convidamos algúns investigadores sociais, escritores, intelectuais e axentes sociais de desenvolvemento rural que teñen traballado, pensado, escrito e reflectido sobre algúns destes problemas. O ambiente informal do encontro posibilitará o diálogo horizontal e o “encontro” entre persoas sensibles á materia do rural. Sen presa e devagar produciremos entre todos ideas chave para comprender mellor a problemática relación entre humanos e animais.

PROGRAMA

Venres, 1 de setembro de 2016 (Parladoiro de Arqueixal – Albá – Palas de Rei – Lugo – Galiza)

16.30 horas: Recepción de participantes

17:00 horas: Mesa redonda sobre “Os animais e os humanos no meio rural”. Moderan: Santiago Prado (Universidade Internacional de La Rioja - España) e Xerardo Pereiro (Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, CETRAD - Portugal)

Participantes:

- José Antonio Cortés Vázquez (antropólogo, Universidade da Coruña – Bolseiro Posdoutoramento InTalent UDC-Inditex): “De animais, humanos e naturezas”
- Xosé Manuel González Reboredo (antropólogo, Instituto das Identidades – Museo do Pobo Galego): “Máis alá dos labregos. Interpretacións ideolóxico-identitarias de vacas, cabalos e porcos na Galiza contemporánea”
- Miguel Nóvoa (AEPGA – Associação para o Estudo e Proteção do Gado Assinino, Miranda do Douro – Portugal) (por confirmar): “De burros e outras coisas”

20:00 horas: Fim da actividade

21 00 horas: Cea con produtos da aldea

Organizan:

Santiago Prado (UNIR-CETRAD) e Xerardo Pereiro (UTAD-CETRAD)

<http://www.sondaldea.com/>

Inscripción en: www.sondaldea.com <http://sondaldea.galiciasustentable.org/>

-Anticipada (antes do 31 de agosto): 10 Euros

-Despois do 31 de agosto: 15 Euros

-Nota: A organización dará un certificado de participación a quen o solicite.

RESUMO DO ENCONTRO

José Antonio Cortéz Vázquez, antropólogo da Universidade da Coruña, afirmou recordando ao antropólogo Claude Lévi-Strauss que os animais son bons para pensar. A continuación explicou a tipoloxía de Philippe Descola sobre as relacións entre humanos e animais, condensada em 3 “esquemas de prácticas”: a) o totemismo; b) o animismo; c) o naturalismo. A diferenza dos dous primeiros, o naturalismo é mais propio das sociedades ocidentais, onde separan moito a natureza da cultura (humanidade) e segmenta estes dous conceptos em âmbitos distanciados. Nos dous primeiros esquemas, segundo este orador o reflexo do social preséntase no mundo natural e animal de unha forma fluída e fluente e as relacións entre humanos e animais tamén son políticas. Neste esquema naturalista, o natural é algo pensado e catalogado para explorar, proteger, conservar e potenciar a biodiversidade. O orador deu o exemplo dos parques naturais e os dous mundos que cria, por un lado unha modernidade naturalista que non pensa nos seus efectos e prexuízos sobre os gandeiros e agricultores, frente a unha visión de relación íntima de produción e contiguidade entre natureza e cultura mais ligada ao esquema totemista e animalista. A visión naturalista converte a natureza numa mercancia, ás veces resultado da depredación, e outras veces nun escaparate para turistas. As outras visións son orgánicas e case animistas cos animais. José Antonio Cortes Vázquez tamén referiu que hai resistencias frente á visión naturalista que hai que analizar con atención.

Xosé Manuel González Reboredo, antropólogo do Museo do Pobo Galego e director do Instituto das Identidades do mesmo museo, desenvolveu un relatório sobre os animais nas experesións identitárias culturais da Galiza campesiña tradicional. Afirmou como ata os anos 1960 os campesiños galegos tiñan unha estrutura social desigual en función do número de vacas, ás cales daban nomes (ex. Linda, Gallarda...) como se fosen da familia e coas cales tiñan unha relación de proximidade afectiva. Era unha natureza profundamente culturalizada, de un “estaus case humano”. As diferenzas de riqueza-pobreza estaban definidas pola relación entre número de fillos e número de vacas. No seu ameno e rigoroso relato analizou o papel dos bois, das vacas e dos cabalos na literatura tradicional oral e na literatura escrita. Logo centrou a súa intervención en analizar a atribución de etnicidade galega às vacas e bois, presentou así unha fina e detallada análise etnográfica da construción social étnica da “raza rubia galega” protagonizada desde a primeira metade do século XX por veterinarios e zootécnicos (ex. Rof Codina, Calderón, Luciano Sánchez...) que asumiron criterios etnicistas do celtismo para hibridar as vacas galegas con as suizas, consideradas tamén celtas. Segundo o conferenciante eles cairon na trampa romancista. Xosé Manuel González Reboredo pechou de forma brillante esta súa primeira intervención no encontro reflexionando como a nova tendencia de recuperación de razas autóctonas vacunas (ex. Cachena, limiá, frieiresa,...), a invención social do “porco celta” (anteriormente porco do país) ou do “cabalo galego” ligan o multiculturalismo humano co multiculturalismo animal e seguen tamén un mito étnico de orixe.

Miguel Nóvoa, veterinario pola UTAD –Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro- e líder da AEPGA –Associação para o Estudo e Protección do Gado Assinino- de Miranda do Douro (Portugal) afirmou que o recoñecemento da raza de burro mirandés só aconteceu em 2003, e que anteriormente Portugal centraba o seu cuidado animal no cabalo lusitano como sinal da

identidade diferencial nacional portuguesa. Miguel Nóvoa defendeu un rural modernizado e algunha vida no rural por medio de proxectos como o da AEPGA no nordeste transmontano, a reocupación de aldeas con agricultores e novas actividades como asinoterapia, a música tradicional, etc.

No posterior debate, que se estendeu por algo mais de unha hora, entre os participantes, Pepe Salvaterra destacou a importancia da memoria sobre os animais, como agora as vacas son un número e deixan de ter nome, tamén introduciu o tema do maltrato animal, a caza e a lei de benestar animal. En resposta a esta intervención, Miguel Nóvoa como moitos campesiños estaban endividados por causa da compra de novas tecnoloxías e maquinaria e fronte a iso propuxo unha pequena revolución, a da vida en comunidade, a da economía circular, a da venda porta-a-porta e as entreaxudas. Polo seu lado, José Antonio Cortés Vázquez afirmou que había alternativas que implicaban cuestións políticas. Ademais algúns participantes recordaron que os seres humanos tamén somos animais e propuxeran a idea de transición á unha nova forma de producir alimentos e relacionarse coa natureza e os animais. Polo seu lado, e a diferenza desas visións máis nostáxicas, saudosistas, críticas co modo de produción industrial de alimentos e alternativas aos modelos dominantes, Xosé Manuel González Reboredo chamou a atención sobre como a situación de cambio non está clara debido ao crecemento demográfico mundial e as necesidades de reaxustar a relación entre alimento e poboación no mundo, para o cal a autosuficiencia non chega. Unha solución posible, afirmou, podería ser reducir a poboación mundial (solución malthusiana), aínda que esta era unha idea politicamente pouco correcta. Outra proposta sería producir alimentos para alimentar a poboación e non para rentabilizar de forma maximalista os beneficios económicos da alimentación. Em resumo, viver de outra forma.

Outros temas abordados no debate foran os modelos de relación entre os humanos e o medio ambiente, a necesidade de romper cos tópicos, as diferenzas dentre as corridas de touros e as rapas das bestas, os movementos animalistas, a diversidade de rurais e de racionalidades diferentes.